

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E UN DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASETE.

En Paradela, a vinte e un de abril de 2017

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D^a ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO ÚNICO.- ALTERACIÓN XURÍDICA DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO. CAMBIO USO DOTACIONAL.

O Sr. Alcalde di que o motivo da sesión é que en breve sairá a Orde que regula as Casa Niño, e poñer a disposición da persoa interesada un local, para implantar este servizo.

A voceira do Grupo Municipal Socialista, D^a Sonsoles López Izquierdo di que sería mellor que a nomenclatura non se ceñira só a Casa Niño e que se incluíra tamén Escola Infantil ante as posibilidades que poidan xurdir; manifesta que a Orde fala de habilitar vivendas particulares e a instalación que se pretende desafectar non se adecúa ao establecido na Orde, se ben é unha vía para darlle uso a instalación.

O Sr. Alcalde, di que a única persoa que se presentou no Concello coa iniciativa da Casa Niño, estivo buscando vivendas no Concello e non as atopou polo que plantexou a alternativa que hoxe é obxecto da sesión; asemade expón que non hai impedimento algún en volver a cambiar o uso e cando xurda outro proxecto poder destinalo a outro uso; polo que considera que abrir a nomenclatura e o posible destino do ben podería ser contraproducente neste intre.

A voceira do Grupo Municipal Socialista, D^a Sonsoles López Izquierdo intervéñe dicindo que habería dende o Concello que publicitar esta iniciativa, como se fai con outras cuestións a través de bandos municipais por exemplo, por se hai outras persoas interesadas que non se plantexan afrontar o proxecto da Casa Niño porque non dispoñen de vivenda, pero sabendo que o Concello pon a disposición un local si o farían.



Concello de Paradela

O Sr. Alcalde, resposta que xa dende a prensa o chamaron por este tema, xa que a convocatoria desta sesión plenaria está publicada na web do Concello e que maior publicidade esta sesión, así como a exposición pública de un mes no BOP.

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

“En relación co inmovible baixo a denominación de Grupo Escolar, enclavado na parcela de referencia catastral 7858703PH1375N0001XP, sito na Rúa da Veiga n.º 5, preténdese a segregación de 572,95 m², que linda ao oeste coa Rúa da Veiga e co resto da finca matriz nos demais ventos, coa finalidade de implantar na mesma a CASA NIÑO, para elo deberá acordarse o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos para outro uso dotacional distinto; todo elo, segundo a documentación técnica elaborada polo arquitecto Sr. Manuel Eduardo López Vázquez.

Á vista da documentación obrante no expediente, e do disposto na lexislación aplicable, propónse ao Pleno o cambio de uso do Centro de Educación Primaria de 2 unidades incluído no recinto do Grupo Escolar, para uso dotacional distinto, para CASA NIÑO, de conformidade co disposto no artigo 42 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia. Segundo o disposto no art. 150.6. b) da citada Lei 2/2016, ao tratarse de infraestruturas públicas, declárase a innecesiedade da licenza municipal de segregación.

A oportunidade queda xustificada, á vista de razóns de interese público, xa que o inmovible non se está usando, e que a Casa Niño é unha oportunidade para prestar un servizo aos pais de nenos entre cero e tres anos nos municipios que máis o precisan, que son os do rural, co fin de fomentar e facilitar a fixación de poboación no medio rural ao permitir a compatibilización da vida laboral, familiar e persoal.

Á vista do anterior, o Alcalde-Presidente propón ao Pleno do Concello:

PRIMEIRO.- O cambio de uso do Centro de Educación Primaria de 2 unidades, dunha parcela de 572,95 m², que linda ao oeste coa Rúa da Veiga e co resto da finca matriz nos demais ventos, coa finalidade de implantar na mesma unha Casa Niño, polo tanto un uso dotacional distinto, de conformidade co disposto no artigo 42 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Segundo o disposto no art. 150.6. b) da citada Lei 2/2016, ao tratarse de infraestruturas públicas, declárase a innecesiedade da licenza municipal de segregación.

SEGUNDO.-Alterar a calificación xurídica do edificio, desafectando como ben para uso dotacional de ensinanza (centro de educación primaria), que pasará a un uso dotacional distinto consistente na Casa Niño.

TERCEIRO.- Que de conformidade co disposto na normativa de aplicación o presente acordo, en canto aprobación provisional, así como o expediente do que trae razón, se someta ao trámite de exposición pública polo prazo de un mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e presentación de reclamacións.

CUARTO.-Que no caso de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o acordo ata entón provisional entenderase definitivamente aprobado. No caso de presentarse reclamacións, resolveranse polo Pleno e remitirase á administración

autonómica competente en materia educativa.

Paradela, 18 de abril de 2017 O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz. Documento asinado electronicamente ao marxe”.

Procédese á votación da proposta, que resulta aprobada pola maioría absoluta, co voto a favor dos sete membros do Grupo Municipal do Partido Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista; sendo nove o número legal de membros da Corporación.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e cincuenta minutos do vinte e un de abril de dous mil dezasete, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Vº e praxe

O Alcalde

Asdo.: José Manuel Mato Díaz

O Secretario-Interventor

Asdo.: José López González

Documento asinado electronicamente ao marxe